



Concello de Mugardos

Expediente núm.: 1698/2025

Informe de control permanente sobre modificación da ordenanza fiscal nº5-I reguladora sobre o imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Procedemento: Imposición e Ordenación de Tributos

INFORME DE CONTROL PERMANENTE PREVIO SOBRE MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS DE IMPOSTOS LOCAIS

Esta Intervención, acordo co ordenado pola concelleita delegada de Facenda e Promoción económica mediante providencia de data 16 de xuño de 2025, e en virtude das atribucións de control citadas e establecidas no artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e desenvolvidas no Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; e en atención ás facultades recollidas no artigo 4.1.b).5.º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. De conformidade co previsto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, as Entidades Locais disporán de recursos suficientes para o cumprimento dos seus fins, recursos entre os que se atopan os tributos propios.

En atención a iso e á potestade regulamentaria conferida ás Entidades Locais polo artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, será posible establecer e esixir tributos a través das súas propias Ordenanzas fiscais, atribución que vén conferida ao Pleno, conforme dispón o artigo 22.2.d) da citada Lei. A validez do Acordo requirirá o voto favorable da maioría simple dos membros presentes, como se establece no artigo 47.1 da mesma norma.

SEGUNDO. A Lexislación aplicable vén establecida por:

-Os artigos 15 ao 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

-Os artigos 60 ao 77 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que recollen a regulación do Imposto sobre Bens Inmóveis.]

-Os artigos 22.2.d) e e) e 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

-O Título I e II de Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

-O artigo 129 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

-O artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.





Concello de Mugardos

TERCEIRO. As Entidades Locais, de conformidade co artigo 59.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderán establecer e esixir o Imposto sobre o Incremento de valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU) de acordo coas pautas contidas na referida norma e as respectivas ordenanzas fiscais.

Ao tratase dun imposto de natureza potestativa, necesita da aprobación dunha Ordenanza para ser esixido, na medida que sempre que a Entidade non manifeste a súa vontade de aplicalo a través do correspondente acordo plenario e mediante a pertinente Ordenanza fiscal, estes non poderán ser esixidos. Dita Ordenanza Fiscal poderá conter, ademais das pautas recollidas na normativa estatal, a fixación dos elementos necesarios para a determinación das respectivas cotas tributarias: determinación do tipo de gravame e o establecemento de determinadas bonificacións e exencións.

O Concello de Mugardos fixo uso desa facultade mediante a aprobación da ordenanza fiscal nº5 reguladora do imposto sobre bens inmobles, publicada no BOP da Coruña núm. 45, do 24.02.2003, con modificacións posteriores publicadas nos BOP nº270 do 23.11.2004, no BOP nº267 do 22.11.2005, no nº271 do 23.11.2007, no nº248 do 31.12.2012 e no nº166 do 02.09.2013, no BOP nº 155 de 17.08.2016, BOP nº 245 de 28.12.2016 e no BOP nº243 de 26.12.2017.

Vaise proceder a modificar practicamente na súa totalidade o contido do articulado e a súa numeración da actual OF, coa seguinte redacción:

-Se modifica o texto e a denominación do artigo 1, que pasa a ter a seguinte redacción:

Artigo 1. Fundamento e réxime xurídico.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, e de conformidade co disposto nos artigos 104 a 110 do Real decreto legislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o Concello da Laracha establece o imposto sobre incremento do valor dos terreos de natureza urbana, aplicándose directamente sobre estas disposicións os elementos determinantes da imposto, coas especificacións da presente ordenanza fiscal.

-Se modifica o texto e a denominación do artigo 2, que pasa a ter a seguinte redacción:

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible do imposto o incremento de valor que experimenten os terreos de natureza urbana e que se poña de manifesto a consecuencia da transmisión da súa propiedade por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos bens.

-Se modifica o texto e a denominación do artigo 3, que pasa a ter a seguinte redacción:

Artigo 3. Supostos de suxeición

1. Terán a consideración de terreos de natureza urbana os definidos como tales a efectos do Imposto sobre Bens Inmobles con independencia de que estean ou non contemplados como tales no Catastro ou no Padrón daquel. Ós efectos deste imposto, estará asimismo suxeito ó mesmo o incremento de valor que experimenten os terreos integrados nos bens inmobles clasificados como de características





Concello de Mugardos

especiais a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbles.

2. Non está suxeito a este imposto o incremento do valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbles.

3. Os demais supostos de suxeición e non suxeición son os así definidos no artigo 104 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

-Se modifica o texto e a denominación do artigo 4, que pasa a ter a seguinte redacción:

Artigo 4. Exencións

As exencións son as reguladas no artigo 105 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

De conformidade co previsto no artigo 105.1 b), do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL):

As transmisións de bens que se atopen dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico, ou fosen declarados individualmente de interese cultural, segundo o establecido na Lei 16/1985 de 25 de xuño do Patrimonio Histórico Español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que realizaron ao seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación en ditos inmóbles, por un importe superior a 90.000,00 euros durante os últimos tres anos anteriores á data da transmisión.

Considerarase obra de conservación, mellora ou rehabilitación, cando para executar a mesma se tivera solicitado e obtido licenza urbanística maior.

Para estes efectos, as obras de conservación, mellora ou rehabilitación de inmóbles deberán cumprir os seguintes requisitos:

Que a solicitude de exención se presente dentro do prazo de declaración ou autoliquidación e se acompañe proba documental acreditativa do cumprimento das condicións sinaladas, comprensiva de:

* Licenza municipal de obras.

* Certificado final de obras.

* Acreditación do pagamento da taxa urbanística polo outorgamento da licenza, no seu caso.

* Acreditación do pagamento do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

O suxeito pasivo deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias co concello respecto dos tributos que gravan o inmovible en cuestión e presentará declaración respecto de ter realizado ao seu cargo as obras. As transmisións a título lucrativo por herdanza, quedarán por tanto excluídas, agás que o herdeiro xustifique que as obras se fixeran ao seu cargo.

-Se modifica o texto e a denominación do artigo 5, que pasa a ter a seguinte redacción:

Artigo 5. Base Imponible, coeficientes e tipo impositivo

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento do valor dos terreos, posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ó longo dun período máximo de vinte anos.

2. Cando se modifiquen os valores catastrais como consecuencia dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral, tomarase, como valor do terreo, ou da parte deste que corresponda segundo as regras contidas no apartado anterior, o importe que resulte de aplicar ós novos valores





Concello de Mugardos

catastrais a redución dun 50 por 100, que aplicárase respecto de cada un dos cinco primeiros anos de efectividade dos novos valores catastrais.

A redución prevista neste apartado non será de aplicación ós supostos nos que os valores catastrais resultantes do procedemento de valoración colectiva a que o mesmo refírese sexan inferiores ós ata entón vixentes.

O valor catastral reducido en ningún caso poderá ser inferior o valor catastral do terreo antes do procedemento de valoración colectiva.

3.Os coeficientes que se aplicarán sobre o valor do terreo no momento do devengo, calculado segundo o disposto no artigo 107 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, serán os coeficientes máximos sinalados no artigo 107.4 do mesmo texto legal.

4. Cando, a instancia do suxeito pasivo, e segundo o procedemento establecido no apartado 5 do artigo 3 da presente Ordenanza, se demostre que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base imponible determinada segundo o disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, tomarase como base imponible o importe do dito incremento de valor.

A cota deste imposto será o resultado de aplicar á base imponible correspondente o tipo de gravame do 27 por 100.

-Se modifica o texto e a denominación do artigo 6, que pasa a ter a seguinte redacción:

Artigo 6. Bonificacións

A cota líquida do imposto será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra unha bonificación do 20 % nas transmisións, por causa de morte, da titularidade e nas transmisións ou constitucións de dereitos reais de goce limitativos do dominio, realizados a título lucrativo correspondentes ao ben inmovible de natureza urbana que sexa a vivenda habitual do causante, cando os suxeitos pasivos do imposto sexan descendentes e adoptados, ou ascendentes e adoptantes, ou cónxuxe do causante ou convivinte con análoga relación de afectividade, sempre que figuren inscritos no rexistro de parellas de feito.

Considerase a vivenda habitual aquela que figure como domicilio do causante no padrón municipal de habitantes.

-Se modifica o texto e a denominación do artigo 7, que pasa a ter a seguinte redacción:

Artigo 7. Xestión tributaria e recadación

1.Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar no Concello, ou na Deputación Provincial de A Coruña, a declaración segundo o modelo determinado ao efecto, contendo os elementos da relación tributaria imprescindibles para practicala liquidación correspondente.

2. Asimesmo, os notarios estarán obrigados a remitir á administración tributaria nos termos sinalados no artigo 110.7 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais a información procedente que poña de manifesto a realización do feito imponible deste imposto, con excepción de actos de última vontade.

3. Non se practirán liquidacións por cotas inferiores a 10 euros que requiran notificación expresa, mesmo as que resulten de liquidacións complementarias.





Concello de Mugardos

-Se modifica o texto da disposición derradeira, que pasa a ter a seguinte redacción:

Disposición derradeira.

A presente modificación desta ordenanza fiscal entrará en vigor o 1 de xaneiro do 2026 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Das cales se desprende que o Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana cumpre coas disposicións contidas na normativa estatal reguladora do mesmo.

CUARTA. De acordo co previsto no artigo 129 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Ordenanza Fiscal nº5-I reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana debe adecuarse aos chamados principios de boa regulación, isto son, os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia, así como adecuarse ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A modificación proposta da Ordenanza Fiscal nº5-I Reguladora do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana se adecua á normativa reguladora do mesmo, de maneira que se cumpren todas e cada unha das disposicións respecto da base imponible, deveño, período impositivo, coeficientes; e as limitacións en canto ao tipo de gravame e as bonificacións e exencións posibles.

Consultada a contabilidade municipal dende o 2013, as contías dos exercicios nos que se obtuviron ingresos por ese concepto, foron as seguintes:

EXERCICIO	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	RECAUDACIÓN LÍQUIDA
2013	31.558,79	29.423,93
2014	149.308,14	137.276,34
2015	177.516,07	69.385,33
2016	135.419,58	102.660,29
2017	44.544,83	29.703,05
2021	17.120,77	6.239,77

É por todo o indicado anteriormente, queda suficientemente xustificado o cumprimento dos principios de boa regulación e de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, pois as contías estimadas de ingresos e custos non xeran déficit e si superávit de xestión, da Ordenanza Fiscal nº5-I Reguladora do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Sendo o resultado do control permanente previo do expediente:

☒ **Favorable.**

☐ **Desfavorable.**

Asinado electrónicamente pola Interventora do Concello de Mugardos, Ana María Gómez Peña, na data que figura no panel de sinaturas.

